



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 11 DE DECEMBRO DE 2015

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO CON DATA 11 DE DECEMBRO DE 2015

SRES. ASISTENTES

Alcalde-Presidente

D. Manuel Corzo Macías

Concelleiros

Grupo Popular

D. José Vega Martínez

D. Manuel Rey Rionegro

Dna. Lucía Fernández Sobrino

Grupo Socialista

D. Magín Fernández Fernández

D. Juan Ferreira Ricón

D. Vicente Sabín Fernández

Concelleiros ausentes

Dna. Salesa Losada Fernández

D. Darío Carracedo Vidueira

Secretaria-interventora

Dna. Carmen Sotelo Casado

Sendo as trece horas e quince minutos do día enriba indicado, constituíuse no Salón de Plenos da Casa Consistorial, en primeira convocatoria, o Pleno Municipal para celebrar sesión extraordinaria. Da fe do acto a Secretaria do Concello.

Declarado aberto o acto pola Presidencia, pasáronse a tratar os puntos da orde do día:

1.- CICLO HIDRÁULICO

2.- ADOPCIÓN DE UN PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN RELACIÓN CON EL PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO

O Sr. Presidente dá a palabra ao Portavoz do Grupo Municipal Socialista, D. Juan Ferreira Ricón, concedéndolle un prazo de oito minutos para a exposición do tema, dicíndolle que se aos oito minutos non cala levanta o pleno.



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 11 DE DECEMBRO DE 2015

Ante a protesta dunha persoa asistente ao pleno o Sr. Presidente dille que abandone o pleno, como non se retira o Presidente di que ante outra interrupción chamará á Garda Civil.

O Portavoz socialista pregunta se hai unha Ordenanza que regule o tempo de intervención, contestando o Presidente que el ten poder para poder facer iso e que non hai ordenanza.

O Sr. Ferreira di que os plenos extraordinarios son a única oportunidade que teñen para defender as súas propostas e que os amordaza con esa actitude autoritaria.

O Sr. Rei Rionegro pregunta se os tempos dos portavoces páctanse en pleno ou se existen por lei.

O Portavoz socialista manifesta que non se quere falar do tema, que esconde a información e cre que os veciños son propiedade, os estafa porque non informa e quere privatizar a auga e o Grupo socialista oponse á privatización, segue dicindo que O Barco xa entregou o ciclo completo e A Veiga está niso, que o seu grupo vota en contra da privatización e que os veciños o fan ben.

En canto ao segundo punto da Orde do día o Portavoz do grupo Socialista di que se amparan nos apartados 3, 4, 5 e 6 do punto 7 e propoñen elaborar un protocolo para empresas que traballen para o concello, que son empresas externas e é mellor que sexan do municipio; expón que traían un decálogo con propostas pero como non lle dá tempo a expoñelo, pide que se constitúa unha comisión con tres membros do equipo de goberno e dous da oposición para elaborar o protocolo, amparándose no punto 7.2 do Plan.

Pregunta se o Plan xa foi aprobado, contestando a secretaria que está enviado ao Ministerio, e manifesta que como non está aprobado para facer pagos hai que pedir permiso.

A continuación intervén o Presidente e di que levan tres plenos nos que non pode falar e dille ao Portavoz socialista que se busque unha forma de vivir que cada pleno custa diñeiro. Declara que dixo e di que leva moitos anos e nunca quixo privatizar a auga, e pregunta por que son tan mentirosos, dicindo o Sr. Ferreira que respecte.

En canto ao protocolo di que non hai ningún e que a primeira vez que dixo algo dun protocolo foi ás do Cruceiro, se algúns queren que o concello se faga cargo da auga farase un protocolo para levalo a cabo.

Manifesta que non veñan con mentiras, que faltan á verdade e que non quere privatizar a auga.

El Sr. Ferreira pide votar o punto, o Sr. Presidente di que non o solicitan no escrito e levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta minutos do día do seu comezo do que como secretaria dou fe